



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 7

Servizos básicos e renovación de poboacións nas zonas rurais

Submedida 7.3

Apoio ás infraestruturas de banda ancha, en particular a súa creación, mellora e ampliación, as infraestruturas de banda ancha pasivas e a oferta de acceso á banda ancha e a solucións de administración electrónica



Índice

<u>1. Medida 7. Servizos básicos e renovación das poboacións rurais</u>	2
<u>1.1. Submedida 7.3 Apoio ás infraestruturas de banda ancha, en particular a súa creación, mellora e ampliación, as infraestruturas de banda ancha pasivas e a oferta de acceso á banda ancha e a solucións de administración electrónica</u>	2
<u>1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?</u>	3
<u>1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?</u>	3
<u>1.1.3. Como se outorga a axuda?</u>	3
<u>1.1.4. Que tipo de gastos se financian?</u>	4
<u>1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?</u>	5
<u>1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?</u>	5
<u>1.1.7. A canto ascende esta axuda?</u>	6
<u>1.1.8. Quen xestiona esta axuda?</u>	6
<u>1.1.9. Marco normativo</u>	6
<u>1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados</u>	7

1. Medida 7. Servizos básicos e renovación das poboacións rurais

A axuda en virtude desta medida abarcará tres tipos básicos de apoio: o deseño e actualización de plans relacionados coas áreas rurais e os seus servizos básicos e as zonas de alto valor natural; os investimentos en infraestruturas vinculadas ao desenvolvemento local e a recolocación de actividades e dependencias; e os estudos e accións asociadas ao patrimonio cultural e natural e á concienciación ambiental. En todo caso, o común denominador da medida radica no carácter non produtivo das operacións financiadas e no impulso preferente ás iniciativas a cargo de entidades públicas locais.

Impleméntanse 5 submedidas no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020:

- ✓ Submedida 7.2 Apoio aos investimentos na creación, mellora ou ampliación de todo tipo de pequenas infraestruturas, incluídos os investimentos en enerxías renovables e aforro de enerxía
- ✓ Submedida 7.3 Apoio ás infraestruturas de banda ancha, en particular a súa creación, mellora e ampliación, as infraestruturas de banda ancha pasivas e a oferta de acceso á banda ancha e a solucións de administración electrónica
- ✓ Submedida 7.4 Apoio aos investimentos na creación, mellora ou ampliación de servizos básicos locais para a poboación rural, incluídas as actividades recreativas e culturais, e a infraestrutura relacionada
- ✓ Submedida 7.5 Apoio aos investimentos para uso público en infraestruturas recreativas, información turística e infraestrutura turística a pequena escala
- ✓ Submedida 7.6 Axuda para estudos/investimentos vinculados ao mantemento, a recuperación e a rehabilitación do patrimonio cultural e natural das poboacións, das paisaxes rurais e das zonas con alto valor natural, incluídos os seus aspectos socioeconómicos, así como as iniciativas de sensibilización ecolóxica

1.1. Submedida 7.3 Apoio ás infraestruturas de banda ancha, en particular a súa creación, mellora e ampliación, as infraestruturas de banda ancha pasivas e a oferta de acceso á banda ancha e a solucións de administración electrónica

A Comisión Europea estableceu o obxectivo de lograr, en 2020, que o 100% de poboación conte cunha cobertura de 30 megas. Así, esta submedida contemplada no PDR contribuirá a este obxectivo.

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

A submedida poderá incluír actuacións de:

- ✓ Creación, mellora e despregamento de infraestruturas de banda ancha (executadas directamente pola Administración autonómica, ou a través de axudas a operadores de telecomunicacións)
- ✓ Actuacións de axuda directa á provisión de servizos de banda ancha ultrarrápida e actuacións de conexión vía satélite, ou mediante outras tecnoloxías específicas para a conexión de zonas sen cobertura nin previsións de contar con cobertura nun futuro próximo (as denominadas "zonas brancas"), destinadas a garantir o acceso en zonas rurais ou illadas que carezan de posibilidade de acceso ás redes de banda ancha ultrarrápida
- ✓ Asistencia para a elaboración de plans que favorezan o despregamento de infraestruturas de telecomunicacións e a incorporación das mesmas en obras e edificios

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

Poderán ser beneficiarios de esta axuda:

- ✓ Nos casos de actuacións de creación, mellora e despregamento de infraestruturas de banda ancha articuladas poderán ser beneficiarios a través de subvención ao investimento en convocatoria pública en réxime de concorrència competitiva os operadores de telecomunicacións que presten o servizo de despregamento de infraestruturas de banda ancha nas zonas rurais de Galicia.
- ✓ Nos casos nos que a asignación monetaria non sexa suficiente ou axeitada para incentivar a inversión dos operadores poderá ser beneficiaria da axuda a Administración Autonómica.
- ✓ Nos casos de actuacións de axuda directa á provisión de servizos de banda ancha e actuacións de conexión vía satélite ou mediante outras tecnoloxías, poderán ser beneficiarios da axuda os usuarios finais que residan ou que estean establecidos en zonas illadas sen cobertura de redes de banda ancha ultrarrápida.
- ✓ Poderán ser beneficiarios do servizo de banda ancha os usuarios das zonas rurais de Galicia así como os servizos públicos desempeñados nos centros administrativos situados nas zonas rurais da comunidade autónoma.

1.1.3. Como se outorga a axuda?

A axuda articularase:

- ✓ Nos casos de actuacións de creación, mellora e despregamento de infraestruturas de



banda ancha, a axuda articularase preferentemente, como subvención en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao tipo 1 "Asignación monetaria" de "Intervención frecuente en apoio á banda ancha", descrito no anexo I das Directrices da Unión Europea para a aplicación das normas sobre axudas estatais ao despregamento rápido de redes de banda ancha (2013/ C 25/01).

Naqueles casos nos que a asignación monetaria non sexa suficiente ou adecuada para incentivar o investimento dos operadores, poderá optarse polo investimento directo efectuado pola Administración autonómica descrita no tipo 2 "Apoio en especie", establecido no anexo I das Directrices da Unión Europea para a aplicación das normas sobre axudas estatais ao despregamento rápido de redes de banda ancha (2013/ C 25/01).

- ✓ Nos casos de actuacións de axuda directa á provisión de servizos de banda ancha ultrarrápida e actuacións de conexión vía satélite ou mediante outras tecnoloxías, a axuda articularase preferentemente como subvención á provisión en convocatoria pública (conforme ao Regulamento (UE) 1407/2013 e ao Regulamento (UE) 1408/2013).

1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

Nos casos de actuacións de creación, mellora e despregamento de infraestruturas de banda ancha poderanse considerar custos subvencionables os gastos xerais vinculados ao proceso, tales como:

- ✓ Custos de enxeñería e consultoría, avaliación do impacto ambiental.
- ✓ Custos de equipamento técnico, obra civil (edificacións, estacións terrestres, condutos e mastros), instalación de elementos de rede e equipamento asociados (switches e routers dixitais, puntos de presenza).
- ✓ Custos de establecemento dunha infraestrutura de back-haul que asegure unha conexión adecuada á rede troncal.
- ✓ Custos de sistemas software.
- ✓ Os custos da instalación de infraestruturas in-building (buses de terminación, routers, módems, e/ou parábolos e terminais de conexión vía satélite) cando sexa necesario para alcanzar a cobertura do 100%.

Nos casos de actuacións de axuda directa á provisión de servizos de banda ancha poderanse considerar gastos subvencionables os custos de provisión de acceso á banda ancha ultrarrápida ao usuario final.

Estableceranse custos de referencia con límites máximos admisibles para algúns tipos de gastos.



1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

En relación coas infraestruturas de banda ancha serán elixibles os proxectos incluídos dentro da planificación estratéxica de Amtega, no marco da Estratexia Galega de Crecemento Dixital e a Axenda Dixital de Galicia, coa finalidade de favorecer o despregamento de redes ultrarrápidas e que, en todo caso, permitan contribuír a cumprir cos obxectivos da Axenda Dixital para Europa (100% da poboación con cobertura de polo menos 30 megas en 2020 e 50% dos fogares cunha conexión contratada de polo menos 100 megas en 2020).

1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

Aplicaranse criterios de selección de maneira obrigatoria, mesmo nos casos en que o orzamento da convocatoria sexa superior á demanda de financiamento. A tal fin, partindo da planificación estratéxica da Amtega, asignaranse as actuacións prioritarias en base a dous criterios: completar a cobertura da internet de banda ancha ultrarrápida do medio rural galego; e mellorar a calidade do acceso nas zonas rurais con maior demanda de servizos.

Nos casos de actuacións de creación, mellora e despregamento de infraestruturas de banda ancha articuladas a través de subvención ao investimento en convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva, entre os criterios de selección incluíranse:

- ✓ a cobertura xeográfica, dada a importancia deste parámetro para poder cumprir cos obxectivos fixados na Axenda Dixital para Europa;
- ✓ a sustentabilidade do enfoque tecnolóxico, conforme ao disposto no punto 78.d das Directrices da Unión Europea para a aplicación das normas sobre axudas estatais ao despregamento rápido de redes de banda ancha.

Estes criterios serán ponderado en relación co importe da axuda solicitada co fin de que, en condicións de cobertura e calidade comparables, o maior esforzo investidor privado outorgue unha maior puntuación ao licitador.

En todo caso, estableceranse unha serie de obxectivos de cobertura e de calidade mínimos, así como uns parámetros opcionais adicionais, de forma que para que unha proposta poida ser financiada deberá cumprir cos obxectivos e valores mínimos establecidos.

As bases reguladoras do procedemento establecerán de antemán, para cada un dos criterios de selección, unha puntuación relativa cuxa suma total será a valoración do proxecto.

Nos casos de actuacións de axuda directa á provisión de servizos de banda ancha ultrarrápida e actuacións de conexión vía satélite ou mediante outras tecnoloxías, en zonas illadas articuladas a través de subvención á provisión en convocatoria pública, entre os criterios de selección incluíranse:

- ✓ O número de posibles usuarios,
- ✓ O grao de mellora do servizo de banda ancha a provisionar respecto da situación actual

- ✓ A porcentaxe de axuda solicitada respecto ao custo total de provisión do servizo.

En todo caso, estableceranse uns requisitos de calidade mínimos, así como obrigacións dun período mínimo de contratación do servizo.

1.1.7. A canto ascende esta axuda?

No caso das actuacións a través de subvención ao investimento en convocatoria pública en réxime de concorrência competitiva fixarase unha porcentaxe máxima de axuda do 90% dos gastos subvencionables. Segundo as zonas obxectivo de cobertura fixaranse porcentaxes inferiores nas convocatorias de maneira que a porcentaxe adáptese ás características de cada zona e ás súas necesidades de axuda. Tal e como indican as Directrices da Unión Europea para a aplicación das normas sobre axudas estatais ao despregamento rápido de redes de banda ancha (2013/ C 25/01), as axudas que se concedan tratarán de minimizar o falseamento da competencia. Para iso considerárase un factor para valorar das propostas o maior esforzo investidor privado, é dicir, a solicitude dunha menor porcentaxe de axuda pública. No caso das actuacións a través de investimento directo da Administración autonómica a axuda alcanzará o 100% dos gastos subvencionables.

1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) pertencente á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

1.1.9. Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) N° 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns ao FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, Feader e FEMP
- ✓ Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento (UE) N° 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis
- ✓ Regulamento (UE) N° 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do TFUE ás axudas de minimis (DOUE L 352, de 24/12/2013)



- ✓ Regulamento (UE) Nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado
- ✓ Regulamento Delegado (UE) Nº 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) Nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias
- ✓ Directrices da Unión Europea para a aplicación das normas sobre axudas estatais ao despregamento rápido de redes de banda ancha (2013/C 25/01)
- ✓ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, regula tanto as súas competencias e funcións como a súa organización e estrutura, o réxime do seu persoal, o réxime económico-financeiro e patrimonial, así como os principios que a orientarán na súa actuación
- ✓ Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia
- ✓ Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico
- ✓ Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que trasponse ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia (Amtega)
<https://amtega.xunta.gal/>
- ✓ Estratexia Galega de Crecemento Dixital (Amtega)
<https://amtega.xunta.gal/sites/default/files/estratexia-galega-crecimiento-dixital.pdf>
- ✓ Plan de Banda Ancha de Galicia 2020 (Amtega)
<https://amtega.xunta.gal/sites/default/files/plan-de-banda-larga-de-galicia-2020.pdf>
- ✓ Axenda Dixital para Europa
https://europa.eu/european-union/file/agenda-digital-para-europa_es
- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.6.3.2 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020

